

Portada

Búsqueda Google

Portada > Cursos y actividades > Curso outono 2011

Mapa Web

<< cursos anteriores

Curso de outono 2011

cursos siguientes >>



cartel do curso



Datos xerais

DURACIÓN

30 horas(21h presenciais e 9 non presenciais)

DATAS

Novembro, día 24

Decembro, días 1 e 15

Xaneiro, días 12, 19 e 26

HORARIO

17:00h a 20:30h

LUGAR

Facultade de Ciencias da Educación (campus norte). Universidade de Santiago de Compostela

NÚMERO DE PRAZAS

Prazas limitadas (25) por orde de inscrición

DESTINATARIOS

Profesores e estudantes de música e outros profesionais de diferentes ámbitos sociais e pedagóxicos

DIRECCIÓN

Cecilia Portela López

Inscrición, matrícula e información

Inscrición**Do 20 de outubro ó 17 de novembro inclusive**- Descargar, cubrir e enviar o seguinte formulario: [descarga](#)**Matrícula****CUOTA NORMAL**- Prezo da matrícula: **120€****CUOTA ESPECIAL:** Estudantes da USC e socios colaboradores da Asociación (desconto do 10%):- Prezo da matrícula: **108€****Información**

Teléfono: 689684649 (De luns a venres de 18:00h a 20:00h)

Correo electrónico: cursos@musicrearte.com

Créditos

Diploma acreditativo (30 horas)**Crédito de libre configuración** para o alumnado de todas as titulacións da Facultade de CC. da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.Data de resolución: *pendente* Código do curso: *pendente*

Programa

O Enxoval Musical

Co seguinte curso pretendemos abrir un abano de posibilidades os mestres/as para facer o seu propio **enxoval**, tanto partindo de aquel que herdamos (das nosas tradicións), como o que nos regalan (outros mestres/as, nenos/as,...) ou aquel que nos imos construindo para deixar en "herdanza".

Os grandes pedagogos e os seus métodos de ensinanza parten do cercano o lonxano, polo que é imprescindible coñecer as nosas músicas, ritmos, instrumentos, bailes,...en xeral a nosa "cultura". Queremos ser os vossos "padriños" e contribuír a facer o voso enxoval musical dende as idades máis temperás, ata as máis grandes da ensinanza obligatoria.

Os contidos a desenvolver son:

O baile.

Construción de instrumentos sinxelos, obxectos sonoros, ou xoguetes. (coñecemos materias, ferramentas, e máis tarde poderemos interpretar cancións cos instrumentos feitos polas nosas mans.)

Cancións tradicionais (repertorio ordenado por dificultades de aprendizaxe ou temas)


Ritmos tradicionais e a súa ensinanza nas aulas.

Retallos, xogos de sorte, xogos de palmas...(Que mellor que a aplicación de algo que parte deles, e onde o folclore todavía está "vivo", para levalo o noso eido ensinándolles o que nos queremos)

Relator

Juan Parga Cervelo

Lugo (1972). Mestre de Primaria pola especialidade de Ed. Musical, e Titulado Medio de Gaita no Conservatorio Municipal de Ribeira (2009), comenza a súa formación musical na Escola de gaitas da Exc. Deputación Provincial de Lugo compaxinando os estudos no conservatorio (plan 66), coa aprendizaxe como educando da Banda Municipal tocando a percusión, e formando parte da Banda Juvenil. Mais tarde estudaría Maxisterio na especialidade de Educación Musical (USC), aprobando as oposicións no ano 2004. Tocou en formacións como Brath, Pandeiromus, Banda de Palas de Rei, Cántigas e frores, Maria Castaña, charanga de "Vai de baile", Alann-bique, etc., grupos cos que con varios deles gravaría disco. Con Cántigas e Frores tamén actuaría como bailarín, e como membro desta formación sería seleccionado para interpretar en varias funcións os bailes tradicionais que se representaban dentro da Zarzuela "Non chores Sabeliña". Dende sempre tivo unha inxenuidade por formarse en tódolos aspectos do folclore galego, o que despois o levaría a compartir ditos coñecementos a través de clases en distintas asociacións, escolas de música, aulas da terceira idade, cursos para mestres (CIGA-ensino, CEFORED, USC, Asociación musicrearte,...), e nas escolas polas que ten pasado. Un dos eidos nos que ten



A partir das actividades realizadas aprenderemos conceptos musicais, desenvolveremos distintas capacidades e demostraremos nas actividades as competencias adquiridas.

O número de horas propostas para o curso son de 21, en 6 sesións de 3 horas e ½. As sesións serán de carácter práctico no 90 % do curso. O 10 % restante será o empregado para as explicacións do que se pretende ca actividade plantexada.



Hecho en Ma

traballado é a recolla de material a través de traballos de campo, que será este o que conforme moito do repertorio dos grupos nos que ten tocado ou das clases e cursos que imparte.

Ten participado como Mestre colaborador no libro "La música en la educación infantil 0-6 años" da editorial Graó e como coautor no libro "Así fan os bailadores" da editorial Dos Acordes.